

PROPOSTA DE MEDIDAS URXENTES PARA A NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

Tras a exitosa manifestación do 8 de febreiro de 2015, que congregou miles de persoas de toda Galiza reclamando a posta en marcha de medidas urxentes para recuperarmos a nosa lingua e reverter o proceso que exclúe a nosa lingua e que provoca a redución de utentes de galego, a Mesa pola Normalización Lingüística fai un chamado ao conxunto da sociedade galega e a todas as organizacións sociais, sindicais e políticas para que impulsen a posta en marcha con urxencia e carácter inmediato destas 6 medidas que necesariamente se han de complementar con outras contempladas na Carta Europea das Linguas, ratificada en 2001 polo Estado Español, ou no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado en 2004 coa unanimidade do Parlamento Galego, e que debe ser reactivado como punto de partida para a recuperación e reposición efectiva da nosa lingua a todos os niveis.

Non son todas as medidas que o noso idioma precisa, mais si, de entre elas, as que a administración galega debe pór en funcionamento con máis urxencia. Son só 6 medidas que só precisan convecemento e vontade de aplicación por parte do goberno galego, que levándoas a termo comezaría, despois de décadas de inacción, a viraxe que a lingua galega precisa para chegar con saúde ao século XXII.

1- Impulso ao papel normalizador da CRTVG

- a. Mellorar e ampliar a oferta de lecer infantil e xuvenil en galego na TVG e na RG.
- b. Debates políticos plurais sobre temas de interese xeral de temática galega.
- c. Intervención de persoas expertas que utilicen a lingua galega nos noticieiros e programas.
- d. Programación ampla e específica sobre historia de Galiza. patrimonio galego, música en galego, literatura galega...
- e. Acordos con outras canles, distribuidoras, produtoras para a dobraxe e lexendado de filmes e series en galego.

2- Ensino en galego

- a. Plan de choque para a introdución e o emprego do galego na Educación Infantil
 - i. Emprego do galego na Educación Infantil: inmersión lingüística
 - ii. Oferta de materiais didácticos en galego
- b. Impulso ao galego na Educación Primaria e Secundaria e eliminación de todos os límites impostos á lingua propia no decreto 79/2010.
- c. Oferta de galego en xoguetes e lecer infantil e xuvenil.

3- Administración en galego.

- a. Oferta positiva na atención ao público en toda a administración galega, municipal e estatal e en todas as concesións públicas, así como galeguización de toda a sinalización, formularios e documentación interna e externa.
- b. Oferta de galego en todos os servizos de administración electrónica
- c. Impulso da galeguización da xustiza e do programa Minerva.
- d. Oferta positiva de galego no Servizo Galego de Saúde e galeguización de todos os programas e aplicacións informáticas, nomeadamente lanus.

4- Transportes públicos

- a. Sinalizacións e información en galego nas estacións de autobuses e tren.
- b. Utilización exclusiva da toponimia galega como única forma legal.

5- Convenio coa RTP

- a. Recepción en todo o territorio galego, cando menos, do sinal da Radio Televisión Portuguesa e emisión da CRTVG para Portugal.

6- Axudas e subvencións.

- a. Condicionar todas as axudas e subvencións da Xunta de Galiza á utilización efectiva da lingua galega, nomeadamente as concedidas á Igrexa Católica e aos medios de comunicación.